



# PLAN DIXITAL

## IES Cabo Ortegal

[Versión 1.0\_xuño 2022]

# ÍNDICE DO PLAN DIXITAL

## 1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. SITUACIÓN DE PARTIDA

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. PLAN DE ACCIÓN

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. AVALIACIÓN DO PLAN DIXITAL

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL

# 1. INTRODUCCIÓN

## Datos básicos do centro

<b>NOME</b>	IES Cabo Ortegal
<b>CÓDIGO</b>	15021755
<b>CIF</b>	Q6555506B
<b>DIRECCIÓN</b>	Pozo de Pereira N° 22 - 15360 Cariño. A Coruña.
<b>TELÉFONO</b>	881960101
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
<b>PÁXINA WEB</b>	www.edu.xunta.es/centros/iescaboortegal
<b>COLEXIO ADSCRITO</b>	CEIP Manuel Fraga Iribarne
<b>ETAPAS EDUCATIVAS</b>	ESO, Bacharelato, Ciclo medio modular de adultos
<b>NUMERO ALUMNADO</b>	148
<b>NÚMERO PROFESORADO</b>	27
<b>NÚMERO PAS</b>	5

## Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### A) Características socioeconómicas

Cariño é un concello costeiro situado ao norte da provincia da Coruña. Constituíuse como tal no ano 1988, trala súa segregación do concello limítrofe de Ortigueira. O termo municipal ten unha superficie de 47,19 km<sup>2</sup> e o Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2021 indica que ten unha poboación de 3763 habitantes.

O outro centro educativo existente na localidade, é o CEIP Manuel Fraga Iribarne, do cal procede practicamente o 100 % do noso alumnado.

A actividade cultural da vila concéntrase ao redor da Casa da Cultura, que está dotada dun pequeno auditorio, dunha sala de exposicións e dunha de ordenadores, e na que se atopa emprazada a Biblioteca Municipal.

Ademais do Concello, outras entidades a ter en conta, son a Agrupación Folclórica San Xiao do Trebo, a Agrupación de Teatro Metamorfose (que organiza unha mostra anual de teatro en galego), a Coral Polifónica ou a Rondalla de Cariño, O Club 12 (que organiza numerosas actividades extraescolares no centro).

A poboación do Concello de Cariño vén descendendo nos últimos anos de xeito importante (Nos últimos 20 anos perdeu aproximadamente 1750 habitantes, o que

supón unha redución do 32%), e concéntrase principalmente no núcleo urbano do concello.

A perda notable de poboación e o feito de que Cariño presente certas deficiencias no que a vías de comunicación ou transporte se refire á hora de salvar as distancias que a separan dos núcleos máis próximos (ben sexan núcleos de entidade como Ferrol ou mesmo Viveiro, ou vilas próximas como Ortigueira ou Cedeira), podemos sumarlle que Cariño é un concello pequeno, tanto en extensión como en poboación, en relación a outros da súa área de influencia, o que nos coloca nunha situación difícil á hora de poder acceder a outras opcións laborais, culturais ou mesmo educativas.

## **B) Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo e á PXA. Relación con outros plans e proxectos do centro.**

---

Con este Plan Dixital preténdese dar resposta á realidade social do uso xeralizado das tecnoloxías da información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá, tentando realizar unha transformación dixital que inclúa unha visión máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Os obxectivos principais que se pretenden acadar son:

- ✓ Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizar a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
- ✓ Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- ✓ Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa.

Este Plan Dixital pasa a formar parte do Proxecto Educativo do centro, relacionándose estreitamente con outros plans e proxectos nos que participamos tales como:

- Proxecto Edixgal.
- Proxecto Erasmus+ "Embaixadores do Xeoparque Cabo Ortegal".
- Club de Ciencias.
- Plan de Formación Permanente do Profesorado.

O uso xeralizado das novas tecnoloxías nos últimos anos fai que este plan contribúa anualmente á Programación Xeral Anual marcando as directrices a seguir de cara a unha mellora constante da competencia e emprego dos recursos tecnolóxicos en cada curso académico.

## Breve xustificación do mesmo

---

Para a elaboración deste Plan tívose en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

## Proceso de elaboración

---

Este Plan foi elaborado polo Equipo de Dinamización Dixital, e o proceso ata a súa redacción foi o seguinte:

1. Relizouse en primeiro lugar unha análise da situación do centro.  
Nun primeiro momento (primeiro trimestre do curso 2021-2022) fíxose unha diagnose de situación de centro con axuda da ferramenta SELFIE na que participaron profesorado, alumnado e os membros do equipo directivo.  
Xa ao longo do mes de marzo de 2022 o profesorado realizou a través de fprofe o Test de Competencia Dixital Docente, que permitiu obter un informe individual coa valoración global do nivel competencial (A1 – C2).
2. Coa axudas dos informes que nos facilitaron as dúas ferramentas anteriores realizouse un análise DAFO (Debilidades – Fortalezas – Ameazas – Oportunidades) do centro que serviu de base e orientación para fixar as accións a levar a cabo neste plan.
3. En base á situación do centro e ao informe DAFO propuxéronse varios obxectivos e accións a levar a cabo para a súa consecución, que unha vez postos en común, decidíronse os que formarían parte deste Plan Dixital e que finalmente son os que figuran no Plan de Acción no punto 3 deste documento.

## 2. SITUACIÓN DE PARTIDA

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### A) Infraestrutura dixital

Por infraestrutura dixital enténdese o conxunto de actuacións impulsadas pola administración para dotar aos centros educativos públicos das condicións de conectividade tanto internas como externas, necesarias para o desenvolvemento do seu labor.

No caso do IES Cabo Ortegal son as que seguen:

- Infraestrutura de datos (conectividade a internet): Radioenlace 500 Mb
- Infraestrutura de voz (telefonía): Compañía R.
- Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede: Conexión Wifi dispoñible en todas as dependencias do centro, estando a disposición do profesorado e tamén do alumnado con dispositivos do centro. A rede Wifi posúe 7 puntos de acceso, 2 deles do proxecto Edixgal.

#### B) Equipamento dispoñible *(algúns destes datos están en revisión)*

	Equipamento dispoñible	Uso
<b>Aulas dixitalizadas</b>	Todas as aulas (26) están dixitalizadas, contando con ordenador, conectividade e proxeutor. Desas 26 aulas, 9 delas están dotadas con sistemas dixitais interactivos (pizarra dixital)	Docencia
<b>Proxecto Edixgal</b>	115 portátiles para o alumnado e profesorado	Docencia
<b>Equipos de xestión e administración</b>	6 ordenadores de sobremesa	Labores de administración e xestión
<b>Uso na Biblioteca</b>	4 ordenadores de sobremesa e proxeutor	1 deles para xestión de catálogos e os restantes para consulta por parte do alumnado
<b>Sala de profesores</b>	6 ordenadores de sobremesa	Traballo e consulta do profesorado
<b>Departamentos</b>	15 ordenadores de sobremesa	Docencia
<b>Ultraportátiles de aula móbil</b> (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos)	6 ordenadores portátiles	Docencia
<b>Aulas de informática</b>	45 ordenadores de sobremesa repartidos entre as tres aulas de informática (15 en cada unha delas)	Docencia
<b>Dotacións de proxectos específicos</b>		

### C) Servizos dixitais educativos

Os servizos corporativos que con respecto ás novas tecnoloxías que facilitan a labor docente son:

- ✓ Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescabooortegal/>
- ✓ Aula Virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescabooortegal/aulavirtual/>
- ✓ Proxecto Edixgal: plataforma EVA Edixgal
- ✓ Espazo Abalar: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/>
- ✓ Abalarmóbil

### D) Xestión do mantemento do equipamento do centro

A xestión e mantemento do equipamento do centro corre a cargo da Secretaria do IES cabo Ortegal en coordinación co equipo TIC do centro.

### E) Protocolos do centro relacionados coas TIC

O protocolo do centro relacionado coas TIC é o Plan de Continxencia, que se pode consultar na páxina web do centro enmarcado dentro do Protocolo Covid: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescabooortegal/node/1295>

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Unha das fontes empregadas para realizar a análise DAFO foi a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa e que se reflicte na seguinte táboa:

Áreas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	Ciclo
A - Liderado	Equipo Directivo	4,1	4,1	4,1
	Profesorado	4	4	4,9
	Alumnado	Non aplica	Non aplica	Non aplica
B - Colaboración e redes	Equipo Directivo	3,9	3,9	3,9
	Profesorado	3,6	3,4	4,5
	Alumnado	3,4	2,3	3,9
C - Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo		4,1	
	Profesorado	4	3,9	4,3
	Alumnado	3,8	3,2	3,6
D - Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4,3	4,3	4,3
	Profesorado	4	4	4,5
	Alumnado	Non aplica	Non aplica	Non aplica
E - Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4,2	4,2	4,2
	Profesorado	4,4	4,4	5
	Alumnado	4,1	3,8	4
F - Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3,8	3,8	3,8
	Profesorado	4,1	3,7	5
	Alumnado	3,5	3,1	3,9
G - Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3,3	3,3	3,3
	Profesorado	3,3	3,2	4,6
	Alumnado	3,3	2,3	3,8
H - Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	4,1	4,1	4,1
	Profesorado	3,5	3,7	5
	Alumnado	3,6	3,4	4,2

Outra das fontes empregadas para realizar a análise DAFO foi o informe grupal DO Test CDD de centro e que se reflicte nas seguintes táboas:

<b>Participación segundo perfil do profesorado</b>			
	<b>N.º profesorado que participa</b>	<b>N.º profesorado total</b>	<b>% participación</b>
<b>DEFINITIVO</b>	19	22	86,4%
<b>INTERINO</b>	3	4	75%
<b>OUTROS</b>	1	1	100%
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	3	66,7%

<b>Puntuación e nivel de competencia do centro</b>			
<b>Puntuación media do test (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia</b>	<b>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia en Galicia</b>
76,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

<b>Puntuación e nivel de competencia por etapas</b>				
	<b>Puntuación media do test (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia</b>	<b>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia en Galicia</b>
<b>ESO</b>	79,3	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>	75,2	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
<b>Ciclo</b>	108,7	Experto/a (B2)	80,3	Integrador/a (B1)

<b>Distribución do profesorado por niveis</b>		
	<b>Total profesorado no nivel de competencia</b>	<b>% de profesorado participante neste nivel</b>
<b>Principiante (A1)</b>	1	3,8%
<b>Explorador/a (A2)</b>	7	26,9%
<b>Integrador/a (B1)</b>	13	50%
<b>Experto/a (B2)</b>	4	15,5%
<b>Líder (C1)</b>	1	3,8%
<b>Pioneiro/a (C2)</b>	-----	-----
<b>TOTAL</b>	26	100,00%

Finalmente, á hora de realizar o informe DAFO, tívose en conta tamén as características do centro e a análise da situación da contorna.



## 2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permitiu o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitou a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS e EQUIPAMENTO	Boa dispoñibilidade de dispositivos dixitais no centro. O centro dispón de tres aulas de informática equipadas.	Conexión en ocasión pouco fiable ou lenta. Os equipos das aulas de informática necesitan unha revisión, podendo ser necesario a súa substitución.
	PERSOAL DOCENTE	Competencias dixitais suficientes na maior parte do profesorado. Alta seguridade ao empregar e adoptar a tecnoloxía como recurso no traballo.	Pouca estabilidade do profesorado no centro. Ao redor do 50% do profesorado non soe participar nos Plans de Formación relacionados coas novas tecnoloxías. Pouco uso de medios dixitais para realizar comentarios ao alumnado. Baixa participación en redes profesionais.
	PERSOAL NON DOCENTE	Colaboración estreita cos membros do persoal de administración e servizos, moitos deles con excelentes competencias dixitais.	Pouca estabilidade do profesorado no centro.
	ALUMNADO	Boa dispoñibilidade do alumnado con respecto ao emprego dos recursos e medios dixitais. Alto grao de colaboración do alumnado.	Certa dificultades para acceder a dispositivos dixitais de garantía e a unha óptima conexión a internet no fogar. Baixa consideración do alumnado sobre as prácticas de avaliación (retroalimentación, autorreflexión e comentarios dos traballos de outros alumnos/as).
	FAMILIAS	Boa comunicación coas familias a través dos recursos dixitais.	Baixa competencia dixital das familias.
	OFERTA	O centro imparte o ciclo modular de adultos "Sistemas microinformáticos e redes". O centro participa no proxecto Edixgal en toda a ESO.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Alto apoio ao desenvolvemento profesional continuo, así como ao uso e creación de recursos dixitais.	Baixa colaboración con outros centros e organizacións.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Predisposición e oferta que permite prestar apoio profesional ao profesorado que o precise para a creación de contidos educativos dixitais específicos para as diferentes materias que se traballan na ESO, Bacharelato e Ciclo.	O profesorado no percibe que a oferta de curso de formación se axeite ás súas necesidades
	LEXISLACIÓN		Exceso de normativa e buracracia á hora de afrontar proxectos e plans.
	CONTORNA	Único centro da contorna que imparte o ciclo de Informática para persoas adultas.	Illamento xeográfico do noso Concello e ausencia de transporte público axeitado. Dificultade para acceder na conotrna a información, cursos e material dixital.
	ANPA	Boas relacións cos membros da ANPA Beiramar.	
	OUTRAS ENTIDADES	Moi boas relacións e comunicación fluída co Concello en todos os sectores. O Concello soe ofertar cursos e talleres para alumnado e persoas adultas sobre alfabetización dixital.	Dificultade na contorna para atopar empresas nas que o alumnado poida cursar a FCT.

### 3. PLAN DE ACCIÓN

O Plan de Acción tivo en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamentos						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Mellorar e ampliar os recursos dixitais e tecnolóxicos do centro.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e persoa coordinadora das TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de equipos das aulas de informática do centro renovados.					
<b>Valor de partida:</b>	0					
<b>Valor previsto e data:</b>	45			22/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Revisar e determinar as necesidades dos equipos das diferentes aulas de informática do centro.	Persoa coordinadora das TIC.	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar e instalar novo hardware para os equipos que o precisen.	Persoa coordinadora das TIC. Secretaria do centro.	30/06/2023	Discos duros, memorias RAM e/ou novo equipamento.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Vicedirección.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de colaboracións con outras entidades.					
<b>Valor de partida:</b>	0 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...).					
<b>Valor previsto e data:</b>	3 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...).			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	Departamento de Orientación.	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Contactar con entidades para levar a cabo charlas sobre diferentes temas (orientación laboral, medio ambiente, ciencia en galego...)	Vicedirección.	31/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Contactar con entidades e centros educativos para compartir experiencias docentes e recursos educativos sobre diferentes temas.	Vicedirección.	31/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado							
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Promover a comunicación entre o profesorado – titores e as familias mediante o uso da ferramenta Abalar e/ou AbalarPro.					<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo.					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de profesorado que realiza as comunicacións ás familias a través do sistema Abalar ou AbalarPro (Instrumento: Enquisa).						
<b>Valor de partida:</b>	10% do profesorado.						
<b>Valor previsto e data:</b>	50% do profesorado.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO3.1: Realizar xornadas informativas para familias do alumnado sobre o uso da ferramenta Abalar.	Profesorado titor.	30/09/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Formar na utilización da ferramenta Abalar e AbalarPro.	Equipo TIC.	31/10/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Potenciar o uso de Abalar e/ou AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas.	Profesorado.	22/06/2023	Equipos informáticos e/ou dispositivos móbiles.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Apoios e recursos. Prácticas de avaliación.							
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Promover o uso da aula virtual do centro e de instrumentos de avaliación dixitais para a avaliación do alumnado, así como das ferramentas tecnolóxicas dispoñibles.					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Persoa coordinadora TIC.					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de actividades levadas a cabo co alumnado na aula virtual do centro e avaliadas por docente implicado (Instrumento: cuestionario e supervisión da aula virtual).						
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica (sen datos previos).						
<b>Valor previsto e data:</b>	3 actividades realizadas co alumnado e avaliadas na aula virtual por docente implicado.				30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO4.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado implicado e alumnado na aula virtual do centro.	Persoa coordinadora TIC.	31/10/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da aula virtual do centro.	Profesorado da materia implicado.	31/03/2023	Aula virtual do centro. Actividades creadas.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Traballar co alumnado nas actividades propostas e/ou creadas.	Profesorado implicado.	30/06/2023	Actividades publicadas na aula virtual e nas redes sociais.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.4: Informar en claustro e propoñer formar no uso de instrumentos de avaliación na plataforma Moodle, radio escolar e/ou ferramentas tecnolóxicas e robóticas a través dun PFPP.	Equipo directivo.	Data do claustro inicial.	Convocatoria do PFPP.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

AO4.5: Elaborar instrumentos dixitais de avaliación, por parte dos departamentos didácticos, vinculados ás actividades propostas. Realizar e avaliar traballos tecnolóxicos co alumnado.	Profesorado implicado.	30/06/2023	Aula virtual do centro. Actividades das materias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O IES Cabo Ortegal é un centro relativamente novo (ano 2006), polo que conta con instalacións adecuadas e relativamente modernas. Sen embargo, aínda que o número de dispositivos e equipamento xeral relacionado coas novas tecnoloxías é suficiente, aproximadamente o 30% do mesmo conta con 5 anos ou máis, de aí que sexa necesaria a súa revisión e posterior renovación para poder desenvolver con garantías a práctica docente.

Ademáis, aínda que o centro necesita máis material tecnolóxico (impresoras, impresoras 3D, equipamento de radio, equipamento audiovisual...), vimos de presentar a solicitude de participación na convocatoria "Polos Creativos", polo que no caso de saír seleccionados permitiríanos o acceso a algún material dese tipo, e que facilitaría levar a cabo os diferentes proxectos que se pretenden desenvolver. En caso contrario sería necesaria a súa solicitude por outra vía.

#### 4. Avaliación do plan

---

Para tratar de acadar os mellores resultados deste Plan Dixital, levaremos a cabo unha avaliación continua que nos permitirá saber se os obxectivos propostos o Plan de acción están ben adecuados e se as accións propostas son as correctas.

- No relativo á avaliación procesual a frecuencia da súa realización ven reflectida na data de fin prevista de cada unha das accións a levar a cabo, realizándose estas alo menos unha vez ao trimestre, valorándose o seu estado así como a análise e valoración dos resultados acadados. De ser necesario realizaranse as modificacións e propostas de mellora necesarias.
- No que respecta á avaliación final, esta realizarase alo menos unha vez ao ano ao rematar o curso escolar, incluíndo a valoración do logro dos obxectivos propostos e as propostas de mellora necesarias que nos permitan afondar nos obxectivos de cara ao vindeiro curso.

#### 5. Difusión do plan

---

Unha vez aprobado polo Consello Escolar, este Plan Dixital estará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do IES Cabo Ortegal no apartado "Documentación", podendo ser revisado en calquera momento se as necesidades do centro así o aconsellan, informando, de selo caso, ao Claustro e Consello Escolar de todas aquelas modificacións realizadas.